

CUESTIONARIO

ARREDOR DO 8 DE MARZO, DÍA DA MULLER TRABALLADORA

Nome e apelidos:

Grupo:

Día de entrega:

Hora de entrega:

- 1.- Por que o 8 de marzo é o Día da Muller Traballadora? (Responde brevemente)
- 2.- A súa actitude nun autobús foi decisiva para a loita polos dereitos das persoas negras. Quen é?
- 3.- Filósofa, matemática e astrónoma da Antigüidade. É a protagonista dunha película de A. Amenábar. De quen se trata?
- 4.- Que nome recibiron as mulleres que loitaron polo dereito ao voto feminino?
- 5.- Quen dixo o seguinte: *“Eu non desexo que as mulleres teñan poder sobre os homes, senón sobre elas mesmas”*.
- 6.- Unha sociedade patriarcal é aquela na que... (Responde brevemente)
- 7.- As “barreiras invisibles” que impiden a moitas mulleres competentes e cualificadas ascender nos seus postos de traballo reciben o nome de ...
- 8.- Clara Campoamor loitou especialmente por un dereito para as mulleres. Cal?
- 9.- Menciona 2 países occidentais nos que aínda hoxe as mulleres ao casar “perden” o seu apelido e pasan a adoptar o do marido.
- 10.- Quen foi a primeira muller en recibir un premio Nobel?
- 11.- A que foron condenadas as mulleres na Biblia?
- 12.- Por que M. Yunus, premio Nobel de economía, concedía “microcréditos” só as mulleres, non aos homes? (Responde brevemente)
- 13.- Que filósofa é autora da frase *“A muller non nace, senón que se fai”*. A que obra pertence?
- 14.- Cando sae ao mercado a primeira píldora anticonceptiva, feito que revolucionará a sexualidade da muller?
- 15.- Quería para a muller os mesmos dereitos que a Revolución Francesa consagraba para os homes e, por iso, morreu guillotizada. De quen se trata?
- 16.- En que ano lograron as mulleres en España o dereito ao voto?
- 17.- Quen foi a primeira muller ministra do Goberno da II República?
- 18.- O sexo é o mesmo que o xénero? Por que? (Responde brevemente)
- 19.- En que país europeo puideron votar as mulleres por vez primeira aínda en 1971?
- 20.- Se unha muller pasou a súa vida volcada no coidado e atención aos seus fillos ou fillas, sen cultivar intereses e afeccións propias, sen desenvolver outras facetas, cando os fillos se independizan pode sentir que a súa vida ficou baleira e sen sentido e padecer o chamado...
- 21.- A que se lle chama “micromachismos”? (Responde brevemente)
- 22.- De canto tempo é o permiso por paternidade en España?
- 23.- Resume con 4 adxectivos a concepción do Catolicismo sobre o ideal de Muller.
- 24.- Asociación galega de homes que loitan a prol da igualdade de xénero.
- 25.- Que país europeo penaliza legalmente desde 1999 aos clientes da prostitución e non as prostitutas?
- 26.- Escritora galega autora do poema “Xan”.
- 27.- Cal foi o primeiro país do mundo no que se recoñeceu o sufraxio feminino e cando foi ese recoñecemento?
- 28.- Realízase en moitos países subsaharianos para evitar que as mulleres sintan pracer sexual.
- 29.- A incorporación da muller ao mercado laboral non supuxo, na mesma medida, a implicación do home nas tarefas do fogar, de xeito que moitas mulleres despois da súa xornada laboral fóra da casa teñen tamén que facer as tarefas domésticas. A isto chámasele.....
- 30.- Que filósofa escribiu “A mística da feminidade”?

CONCURSO ARREDOR DO 8 DE MARZO

Debes entregar o presente cuestionario respondido á maior brevidade posible. A persoa de cada clase co maior número de respostas correctas e que tivese entregado antes o cuestionario será recompensada con 0,5 puntos máis na nota da materia de Filosofía nesta avaliación. Naqueles grupos de máis de 15 persoas,